



Acta nº 07-25/26

En Ourense a 13 de Abril de 2026, ás 17:45 reunímonos Carlos Vila, María José Álvarez, Susana Rodríguez, Paula Atrio e Pablo Álvarez para o seguinte orde do día:

- Resultados da 2ª Avaliación
- Seguimento das programacións didácticas.
- Visitas
- Avisos
- Rogos e Preguntas.

Resultado da 2ª avaliación

Comézase a reunión amosando os indicadores elaborados cos datos facilitados por cada integrante do grupo de tecnoloxía.

MATERIA	IMPARTE	A		B		C		D		E		TOTAL		
		ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSO S	% SUSPENSO S
1º Tecnoloxía e Dixitalización	Paula e Pablo	25	6	24	7	26	3	24	12	25	7	124	35	28,2%
2º Tecnoloxía e Dixitalización	Paula e Susana	24	10	24	6	24	1	24	4	24	3	120	24	20,0%
3º Educación Dixital	Carlos	21	1	5	0			12	3			38	4	10,5%
4º Tecnoloxía	María José			9	4	5	2					14	6	42,9%
4º Dixitalización	Paula e Pablo	6	0	9	0	8	1	9	0			32	1	3,1%
4º Intelixencia Artificial	Susana	7	0	5	0	10	0	12	0			34	0	0,0%
1ºBac Tecnoloxía e Enxeñería	Carlos	3	0	5	0							8	0	0,0%
TIC I	Susana e Paula	5	0	7	0	8	0	9	0			29	0	0,0%
2ºBac Tecnoloxía e Enxeñería	María José			12	2							12	2	16,7%
TIC II	Carlos			10	0			3	2	1	0	14	2	14,3%
TOTAL												425	74	17,4%

Apréciase unha notable subida no número de alumnado suspenso nas materias do departamento. Esta tendencia vai na liña do analizado no último claustro do centro no que, a nivel global, tamén se aprecia un empeoramento dos resultados académicos nesta segunda avaliación. No que respecta ó departamento de Tecnoloxía, o indicador de suspensos pasa dun 5,9% a un 17,4%.

A isto hai que engadir o feito de que, nesta segunda avaliación, ningún dos 9 alumnos que teñen a materia pendente de cursos anterior, logrou recuperar a parte correspondente ó último exame de recuperación.

Hai unanimidade en que a causa raíz destes resultados é o escaso traballo e dedicación por parte do alumnado, así como o mal comportamento dalgúns alumnos e alumnas que dificulta o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Recórdase a importancia e necesidade de ir fixando as respectivas datas de recuperación para evitar que coincidan moi tarde e cadren cos exames da 3ª avaliación.



Seguimento das programacións didácticas

Insíteselle a todos os integrantes do departamento a importancia de actualizar en Proens o seguimento das programacións didácticas e que reflectan o impartido en cada materia e grupo dende comezo do curso ata a actualidade.

No caso de materias como Dixitalización, na que dous profesores comparten alumnos dos mesmos grupos, terán que porse dacordo e acordar a información reflectica en Proens.

No repaso feito durante a reunión apréciase que a maioría das materias e grupos presentan un cumprimento da programación sen grandes desviacións, mais detectáronse as seguintes desviacións puntuais:

- En segundo de ESO levan un pouco de retraso e vai a empeorar debido ás probas de diagnóstico desta semana e a que houbo e haberá varias actividades complementarias de centro para estes alumnos.
- Lixeiro retraso en Dixitalización de 4ºESO que, a priori, non parece que comprometa o obxectivo de impartir todo o recollido na programación.
- En TIC I Paula leva un pouco de atraso que ven xa da 2ª avaliación.

Visitas

Paula e Susana comentan que a visita realizada a semana pasada á central hidroeléctrica de Velle foi un éxito que os alumnos quedaron abraiados ao ver o interior dunha planta hidroeléctrica.

Recordamos que a seguinte visita é á EDAR de Reza e que terá lugar a vindeira semana polo que compe xestionar axiña as autorizacións e remitir a documentación á empresa. Posto que a Velle foron os grupos de 2ºA e 2ºE, tentarase que a Velle vaia o alumnado dos outros 3 grupos, aínda que hai que ter en conta a limitación de 50 alumnos como máximo.

Avisos

O Xefe de Departamento avisa ó resto de que, ante a próxima finalización do curso é preciso facer as enquisas de avaliación docente que recolle Proens.



Rogos e Preguntas

Susana e Pablo comentan que a materia de Intelixencia Artificial conleva a creación de contas e rexistros en aplicacións que sería preferible evitar, pero é complexo levar a cabo a materia sen facelo (as contas sen rexistro non permiten funcionalidades suficientes).

Paula pregunta por material eléctrico para facer proxectos cos de 2º de ESO e indícaselle onde está. En principio hai suficiente.

Con todos estes asuntos, levantouse sesión ás 18:55.

Asinado Xefe do Departamento

Carlos Vila